

## Benvid@s ao reto desta semana señoritas e señoritos!

Como estades? Seguro que ben, porque sei que sodes tod@s uns campións e campionas e intentades levar a situación o mellor posible.

Ao longo das vindeiras semanas, ireivos deixando unha serie de retos ou propostas de actividades voluntarias na web do cole. Se as facedes, e queredes enviarme fotos, comentarios ou simplemente contactar comigo, podedes facelo no seguinte enderezo electrónico: [leticiatejido@edu.xunta.es](mailto:leticiatejido@edu.xunta.es)




Imos alá ca primeira proposta:

## TANGRAM

O **Tangram** é un quebracabezas de orixe chinés composto por figuras planas.

O máis común, e que seguro que tod@s coñecedes, é o de 7 pezas, composto por 5 triángulos de diferentes tamaños e por dous paralelogramos diferentes (1 cadrado e 1 romboide).

O obxectivo deste quebracabezas é intentar recrear diferentes figuras empregando todas as pezas.




Para levar a cabo a proposta precisamos un Tangram. Déixovos na seguinte páxina unha plantilla que podedes imprimir premendo nela ou podedes elaboralo vós mesmos seguindo as instrucións do seguinte vídeo:

<https://www.youtube.com/watch?v=7wWQWUWHr5U>

Tamén podedes realizalo a man alzada fixándovos no modelo ou mesmo calcalo con moito coidadiño.

Preme sobre o Tangram para imprimir



A continuación, déixovos unha serie de plantillas nas que veredes figuras que se vos propoñen para reproducilas.

As primeiras figuras son sinxelas, xa que se mostran as pezas que debes empregar, pero iranse complicando cada vez máis, ata que só se vos proporcione a silueta das figuras, a ver se sodes quen de facelas!



perro



mariposa



jirafa



conejo



gato



canguro

<http://www.imageneseducativas.com/>



delfin



pez



cisne







garza









caballo



buitre



<http://www.imageneseducativas.com/>



Preme aquí se quieres ver más plantillas



Tamén podedes inventar as vosas propias figuras ou mesmo crear un cadro con elas, as posibilidades son infinitas! De feito, hai moitos artistas que empregan as figuras xeométricas na súa obra, como por exemplo:

## Kandinsky




Fonte <https://www.todocadros.es/pintores-famosos/kandinsky/>

## Mondrian



Fonte <https://www.wikiart.org/es/piet-mondrian>

## Paul Klee



Fonte <https://historia-arte.com/artistas/paul-klee>

## Mans á obra co reto!!!

A ver se sodes capaces de facer algunhas figuras...seguro que si!

Se tamén vos animades a facer algunha obra de arte con figuras xeométricas encantárame velas!

Recordade, se queredes enviarme os resultados, o meu enderezo é [leticiatejido@eduxunta.es](mailto:leticiatejido@eduxunta.es) , estarei encantada de recibilo e de falar con vós!

Ata o próximo reto, señoritas e señoritos!

Unha aperta.

A profe Lety.